

Ourense, universo literario

Nova fornada ourensá

Tras vinte e cinco anos de produción literaria, Millán Picouto tivo ocasión de adentrarse na lírica, na traxedia ou na comedia. Amigo dos mitos e das lendas populares do país, a súa obra non entende de modas nin de capelas culturais

Texto: **Marcos Valcárcel**
Fotos: **N.Santás/BVG**

Desde que en 1978 publicara a traxedia *Silvania* ata hoxe, o poeta Millán Picouto foi construíndo unha longa obra de máis de 20 volumes, que inclúen obra lírica, traxedias e comedias.

A súa obra dramática iniciouse con *Silvania* (Barca de Caronte, Santiago, 1978) e continuouse logo con *María Soliña* (1994) e *Prisciliano en Tréveris* (1995); gusta este autor de recrear mitos populares e personaxes da nosa historia nun longo abano cronolóxico que vai desde o ano 385, cando Prisciliano concorre a Tréveris, ata o século XVII cando a Inquisición andaba por tras da nosa María Soliña, cantada tamén polo Celso Emilio de Celanova. A súa Obra Dramática Completa está a ser publicada moi dignamente por Edicións Linteo: no 2001 editou o tomo

'Ciclo de Venus', coas comedias *Afada e o cabaleiro* e *Os espellos e a noite* e as traxedias *Empédocles e Nausicaa*; e no 2002, *Ciclo de Mercurio*, coas traxedias *Silvania* e *Fisterra* e as comedias *Conto de abril* e *A peso de ouro*. Desde vello activo promotor do noso teatro, recibiu diversos galardóns nos certames de Abrente (1978, 1979, 1980) e dirixiu o grupo teatral da Auriense nos 70, que representou obras súas como *Os Cigarróns*.

A súa obra lírica comprende títulos como *Sonetos da lúa chea* (A Coruña, 1980), premio de poesía Cidade de Monforte no ano 1978; *O poema dos lustros*, que gañou o premio Cidade de Ourense no 1983; *Cantigas e madrigais* (1992), ademais de *Escola coral de Poesía e de Música*, do ano 1997.

No ano 2000 reagrupou para Edicións do Castro a súa *Obra lírica completa*, estruturando esta ampla escolma en tres partes: *Cancións*, que recolle os poemas musicados de


Cantigas e madrigais e de *Escola coral...*; *Sonetos da lúa chea*, agora con 145 pezas definitivas facendo "a serie de sonetos máis extensa do idioma galego", e *Poemas*, escolma revisada do libro premiado en 1983. Sempre á marxe de modas e capelas culturais, Millán Picouto é autor de versos rotundos, de forte sabor clásico, na busca da máxima harmonía e musicalidade; non prescinde da rima nin da arquitectura formal, pola contra prefire cincelar formas universais da lírica como o soneto. Convencido da íntima comunión entre música e poesía, tense manifestado a miúdo en prol dun necesario reencontro entre ambas as linguaxes, polo que moitos dos seus libros están editados con partituras para música coral compostas polo propio poeta. Mereceu ademais varios premios de composición musical e versionou os nosos poetas medievais para a Capela Madrigalista de Ourense.

A súa *Obra lírica completa* é plural en rexistros e liñas temáticas: velaí a

asimilación dos clásicos grecolatinos, dos ritmos medievais trobadorescos e mesmo a presenza de pegadas da poesía popular.

Nos seus versos está presente o culto ás paisaxes nativas: a cidade natal en *Ourense* ou o pai Miño "eixe da patria" convocado nos versos de *Ao Miño en marzo*. Pero hai tamén poesía intimista, elexías polos seres queridos (*Réquiem*), versos de compromiso e alento épico (*Himno á revolución*, *Himno ao Atlántico*), poemas conmemorativos (*Bautista Álvarez*, *Trece de marzo*, dedicado a Benigno Álvarez).

Subliñemos entre as súas claves a decidida vontade de diálogo coas grandes culturas de todos os tempos (Aspasia de Mileto, Rembrandt, a cortesana Hsi Shi) e a forza expresiva dos cantos ás xentes do traballo (marifeiros, oleiros, tecelás...), cheos do vitalismo que define a súa poética: "O cerne somos nós, porción solar/en torno da que o ferro e o silina-vegan como nun ardente mar".



NOVOS AUTORES Outeiriño, á esquerda, e Cesáreo Sánchez Iglesias son dous dos expoñentes principais dos novos autores ourensáns

Manuel Outeiriño

Profesor na facultade de Xornalismo de Compostela, Manuel Outeiriño (Ourense, 1962) é un mozo intelectual polifacético: ensaísta, investigador, xornalista, tradutor e poeta.

Formou parte da redacción do xornal 'Diario de Galicia' (1988-1989), onde asinou columnas de opinión e entrevistas con escritores galegos e outros foráneos como Manuel Vázquez Montalbán, Antonio Gamoneda, etc. Forma parte desde os seus inicios (1990) do consello de redacción de 'A Trabe de Ouro', a revista cultural e de pensamento que dirixe Méndez Ferrín.

Nela Outeiriño publicou breves ensaios e notas críticas como 'Presentación de Harold Bloom: a angustia da sede vella' (n.7), 'A figuración do diálogo' (16), 'Traxedia e pastoral en Blanco Amor' (21), 'As auroras de Emilio Araújo' (28), 'O desvelo de Angueira' (32), 'Sobre as baladas líricas de Otero Pedrayo' (40), 'Un tópic agustiniano na obra de Seamus Heaney' (43), así como entrevistas con Otel Saraiva de Carvalho (1) e o poeta John Ashbery (13).

Como tradutor é autor de versións galegas de Ezra Pound e Seamus Heaney, da tradución e notas da novela 'Unha viaxe sentimental' de Laurence Sterne (Sotelo Blanco, 1992) e da edición bilingüe de 'Con pólvora e magnolias' de Méndez Ferrín (Hiperión, 1994). Colaborou a

cotío en publicacións como 'Dorna', 'Animal' ou a 'Revista das Letras' de 'O Correo Galego' e GALICIA HOXE, e publicou os poemarios 'Depósito de espantos' (Positivas, 1994) e 'Letras vencidas' (Noitarenga, 1999, cun limiar de Méndez Ferrín), obras catalogadas pola crítica como unha proposta lírica inzada de trazos culturalistas e referencias intertextuais, a miúdo desde a ironía e o estrañamento do autor ante o seu texto, xogando coa ambigüidade para obrigir o lector a asumir un papel activo. Nestes libros hai poemas de temática ourensá como 'Patria aquí ou acolá' e unha curiosa case profecía para os nosos días: 'Europa era unha vaca/ Europa era unha vaca que se perdeu, porque se puxo brava'.

A obra de Outeiriño é catalogada pola crítica como unha proposta inzada de trazos culturalistas e referencias intertextuais, a miúdo desde a ironía e estrañamento do autor ante o seu texto, xogando coa ambigüidade para obrigir o lector a asumir un papel activo.

Sánchez Iglesias

Cesáreo Sánchez Iglesias, hoxe residente na Coruña, naceu en Dadin, O Irixo, en 1951. Cursou a carreira de Arquitectura Técnica en Madrid, onde tamén iniciou os estudos de Socioloxía e Ciencias Políticas. Desde 1975 está vencellado ó nacionalismo galego, formando parte dos fundadores da Agrupación Cultural Lóstrego de Madrid (1976), da que foi presidente nos anos 70. Tamén foi fundador da Agrupación Cultural Avantar do Carballiño, presidente da coruñesa Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, vocal da xunta directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega e presidente do consello de administración do semanario 'A Nosa Terra' e da editora Promociones Culturais Galegas.

Desenvolve o seu labor profesional na Oficina Técnica de Arquitectura da Xunta de Galicia.

Conta cunha longa obra poética en galego, con títulos como 'Silencio e conversas de inverno' (Lugo, Ed. Celta, 1978); 'Antonte das salamántigas' (Ed. do Castro, 1980); 'O cántico da fonte' (Edicións do Castro, 1982); 'Ortigas da memoria' (Ed. do Castro, 1985); 'Mar do fin da terra' (Santiago, Vía Láctea, 1987); 'A árbore das sete palabras' (Ed. Sotelo Blanco, 1990) e 'Do olvido o río' (Ferrol, colección Esquílo, 1993). Os seus poemarios de 1982, 1987 e 1993 constitúen unha triloxía da auga na que o río se configura como un símbolo de múltiples significados.

No 2000 gañou o Premio Esquílo de poesía co libro 'O Rumor do Distanto'. A escrita da 'terra', publicado no 2001 pola sociedade Valle Inclán, tamén con versos de escenario ourensán. A súa lírica foi gabada por Ricardo Carballo Calero, Manuel María, Bernardino Graña, Basilio Losada, Xavier Seoane, Miguel Mato Fondo, Xosé María Dobarro e Francisco Salinas Portugal, entre outros, que subliñaron o forte simbolismo dos seus versos e o esforzo continuado de depuración da súa linguaxe poética. Carballo Calero situouno entre os poetas galegos que volveron 'ó lirismo máis puro, con intuicións estéticas ás veces limítrofes co creacionismo'.